



PROXECTO 2º ESO: ESTABLECEMENTO CON TOLDO

CURSO 2017-18

OBSERVAR

Os comerciantes de Arteixo están valorando a instalación de toldos nos seus establecementos e encargan ao alumnado de 2º da ESO a realización dun estudio. Para iso, será necesario construír unha tenda a escala e realizar sobre ela un prototipo de toldo.

DESEÑAR

A maqueta debe cumprir os seguintes requisitos:


1. As dimensións do establecemento non poden superar as da caixa do proxecto (aproximadamente 21 x 30 x 25 cm).
2. A estrutura do establecemento debe realizarse con madeira de contraplacado de 3 ou 5 mm de espesor.
3. A base do establecemento está realizada con madeira de aglomerado ou DM (cada grupo recibirá unha).
4. Cada grupo deberá tomar unha serie de decisións en relación a:
 - 4.1. Deseño do rótulo na parte superior da tenda.
 - 4.2. Elección da tea para realizar o toldo.
 - 4.3. Deseño dos soportes superiores e inferiores do toldo.
 - 4.4. Accionamento do sistema de recollida do toldo.
 - 4.5. Elementos extra como unha porta móbil ou a decoración do escaparate.
5. Os erros de construción respecto do plano non están penalizados se son inferiores a 1 cm.



PROXECTO 2º ESO: ESTABLECEMENTO CON TOLDO

CURSO 2017-18

Buscamos información para realizar o noso deseño e finalmente construímos un prototipo en cartón.





PROXECTO 2º ESO: ESTABLECEMENTO CON TOLDO

CURSO 2017-18

Realizamos o plano do noso deseño nunha escala 1:4, o cal quere dicir que calquera das medidas do plano debe multiplicarse por 4 para coñecer as dimensións reais dunha peza.

Entrégovos o plano en papel para que poidades medir sobre el e debuxar as vosas propostas de deseño para:

- o rótulo da parte superior
- os soportes superiores e inferiores do toldo
- o accionamento do sistema de recollida do toldo
- o frontal do establecemento
- os elementos extra

IMPORTANTE: Todos os proxectos que se inspiren en comercios locais terán unha bonificación na etapa de avaliación.

Medide sobre o plano e cubride a seguinte táboa:

PEZA	MEDIDAS NO PLANO	MEDIDAS REAIS
Frontal do establecemento		
Oco da porta		
Oco do escaparate		
Lateral do establecemento		
Parte superior do establecemento		
Base da maqueta		



PROXECTO 2º ESO: ESTABLECEMENTO CON TOLDO

CURSO 2017-18

CONSTRUÍR

Tedes que completar a folla de proceso:

PEZA(medidas)	CANTIDADE	MATERIAIS	OPERACIÓNS	FERRAMENTAS	QUEN	TEMPO
Frontal do establecemento						
Lateral do establecemento						
Parte superior do establecemento						
Rótulo do establecemento						
Porta do establecemento (opcional)						
Soporte superior do toldo						
Soporte inferior do toldo						

AVISÁDEME CANDO TEÑADES REMATADO

Empregade papel cuadrulado para realizar plantillas e usádeas para marcar as diferentes pezas sobre a madeira. Podedes facer unha plantilla para o oco do escaparate e outra para o oco da porta, así poderedes situar estes elementos facilmente sobre a peza frontal.



PROXECTO 2º ESO: ESTABLECEMENTO CON TOLDO

CURSO 2017-18

AVALIAR

Unha vez rematado o proxecto, teredes que responder individualmente un cuestionario que colgarei no grupo de Classroom. Tamén podedes responder as preguntas en papel.

Na seguinte páxina tedes a planilla que utilizarei para corrixir o voso proxecto.



PROXECTO 2º ESO: ESTABLECEMENTO CON TOLDO

CURSO 2017-18

DESEÑO (40p)		
Rótulo da parte superior	10p	
Soporte superior do toldo	5p	
Soporte inferior do toldo	5p	
Accionamento do sistema de recollida do toldo	10p	
Elementos extra	10p	

REALIZACIÓN (2p/apartado e elemento (6p no frontal) + 18p = 110p)				
	Cortar	Medidas	Acabados	
Frontal do comercio				
Laterais do comercio (2)				
Parte superior do comercio				
Soporte superior do toldo (2)				
Barra do toldo (2)				
Soporte inferior do toldo (2)				
Tea do toldo			8p	
Accionamento do toldo			10p	
Elementos extra			20p	

MONTAXE (130p)		
O frontal está montado	5p	
Os laterais están montados	10p	
A parte superior está montada	5p	
O rótulo está montado	5p	
Os soportes superiores do toldo están montados	10p	
A barra superior do toldo está montada	5p	
A barra inferior do toldo está montada	5p	
Os soportes inferiores do toldo están montados	10p	
A tea está colocada entre as barras	4p	
O accionamento do toldo está montado	5p	
Os elementos extra están incorporados	10p	
Funcionamento do toldo	(0-4)x5p	
Acabados xerais	(0-4)x4p	
Similitude con algún comercio local	20p	

Puntuación total (sobre 280p)	
--------------------------------------	--